



Situación: Campus de Elviña, s/n
15192 A CORUÑA
Teléfono: 981 167 000, ext.: 5514
Fax: 981 167 092
www.citic.udc.es
administracion.citic@udc.es



O Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) é un centro de investigación creado no ano 2007 e que comeza a súa andadura no ano 2008, inicialmente impulsado pola Universidade da Coruña pero con vocación de converterse nun Centro Tecnolóxico de ámbito autonómico, en sintonía coa liña de actuación TIC-LA1-I1 do Plano Estratégico de Galicia para a Sociedade da Información (PEGSI) na que se recolle a ampliación do actual CITIC de cara a súa conversión no Centro Tecnolóxico do Software de Galicia.

O CITIC nace como un centro de referencia que persegue potenciar o avance das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TIC) e fomentar a transferencia á sociedade deste coñecemento como vehículo para mellorar as prácticas relacionadas co desenvolvemento e aplicación do software, así como a innovación en produtos e servizos para a Sociedade da Información. O Centro especialízase nos aspectos ligados á mellora no proceso de desenvolvemento do software e aos novos servizos e aplicacións dos sistemas informáticos para a Sociedade da Información.

A misión do CITIC é potenciar o avance dos aspectos tecnolóxicos e metodolóxicos relacionados cos Sistemas de Información para garantir e promover parámetros de calidade no desenvolvemento e aplicación destes sistemas en termos de custo, planificación, operación, rendemento e mantemento, así como a innovación en ferramentas e servizos que faciliten a súa adopción por parte das organizacións e, en xeral, a concienciación do tecido industrial galego de que as Tecnoloxías da Información son unha peza fundamental para acadar a competitividade nun mercado cada vez máis globalizado.

Recursos humanos

O CITIC é un punto de encontro entre a universidade e a empresa na que se combinan departamentos de I+D de empresas do sector TIC con investigadores procedentes do ámbito universitario. Na actualidade, no CITIC traballan en distintos proxectos de I+D máis de 100 investigadores de grupos universitarios ou de departamentos de I+D de empresas, constituíndo un contorno mixto universidade-empresa que posibilita a colaboración e a transferencia de coñecemento.

Organización / Áreas de traballo

O Centro atópase, na actualidade, xestionado por unha sociedade xestora participada pola sociedade Parque Tecnolóxico da Universidade da Coruña e dirixido por un Coordinador Científico nomeado pola propia Universidade. Desde o punto de vista científico, o centro se estrutura o redor dunha serie de eixes de actuación técnica de carácter xeral ao proceso de desenvolvemento e utilización do software:

- Melloras no proceso de desenvolvemento de software e a xestión da súa calidade.
- Interoperabilidade, incluíndo aspectos como a accesibilidade ou o software libre.
- Seguridade informática.
- Avaliación do rendemento dos sistemas informáticos.
- Vixilancia Tecnolóxica de produtos e mercado TIC.

Sustentadas por estes eixes de actuación técnica, defínense unha serie de áreas tecnolóxicas, de carácter dinámico, que agrupan actuacións específicas con respecto a unha liña ou interese particular do tecido industrial no campo do software. Na actualidade as áreas tecnolóxicas inclúen: Aplicacións e servizos de comunicación sen fíos, enxeñería de integración de aplicacións, informática biomédica, recuperación de información para empresas e institucións, sistemas de apoio á decisión, observación e predición de recursos e sistemas, sistemas de información xeográfica, sistemas e servizos de procesamento distribuído, tecnoloxías audiovisuais en rede, visión artificial e recoñecemento de patróns.

Para que todo isto sexa posible, o centro dispón de unidades administrativas que posibilitan a captación e execución de proxectos (tanto dende o punto de vista técnico como económico), e a conseguinte difusión e protección dos resultados.

■ Instalacións / Equipamento

O CITIC atópase no Parque Tecnolóxico da UDC, situado en dous edificios cunha extensión de 3500m² (o segundo edificio de 1900m² atópase en proceso de construción). No novo módulo vaise situar o Centro de Despregue de Sistemas Informáticos, un centro de proceso de datos de 500m² que representa unha infraestrutura singular que posibilita o acceso a un equipamento actualizado e heteroxéneo tanto a nivel hardware (distintos fabricantes, procesadores diferentes, diversa capacidade e tecnoloxía de almacenamento e conectividade de rede) como software (diferentes sistemas operativos e configuracións, xestores de bases de datos, ferramentas de desenvolvemento, middleware, etc.) sobre o que se realizan probas, pilotos, demostradores e despregues pre-comerciais. Temporalmente, o equipamento do Centro de Despregue dispoñible, no que se inclúe unha granxa de servidores blade heteroxéneos para servizos de virtualización de servidores, atópase aloxado no CPD da Universidade da Coruña.

■ Servizos

Na actualidade o Centro presta servizos de investigación e desenvolvemento (desenvolvemento tecnolóxico, investigación aplicada e deseño e fabricación de prototipos), no ámbito do software, mediante a contratación de proxectos con empresas, ben directamente o a través de convocatorias competitivas. Outros servizos que o Centro presta ou ten previsto ofertalos proximamente son servizos de asesoramento e auditoría tecnolóxica (diagnósticos científicos, tecnolóxicos e auditorías; asesoramento en incorporación de novas tecnoloxías na empresa) e servizos técnicos (normalización, certificación e homologación; control de calidade do software).

■ Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

- En 2007, tras convocatoria pública competitiva, asináronse contratos-programa con tres empresas estratéxicas do sector TIC (R Cable, Igalia, Altia Consultores) para a presenza física de departamentos de I+D no propio Centro desenvolvendo proxectos de interese para o CITIC.
- En 2007, tras convocatoria pública competitiva, asináronse contratos-programa con oito grupos de investigación universitarios ligados ao sector TIC, con notables traxectorias de transferencia ao tecido industrial, para a súa presenza física no Centro e para articular diferentes áreas tecnolóxicas.
- En 2008 instalouse no CITIC a Oficina de Software Libre (OSL) da UDC coa finalidade de difundir e promover o uso de software libre entre a comunidade universitaria e a sociedade en xeral.